

## V Concurso de Relatos convocado polo Museo Liste de Vigo

2017

### Bases

1. **Aspectos xerais:** apertura da convocatoria para o V Concurso de Relatos co gallo da celebración do Día das Letras Galegas.

2. **Temática:** “Biografías de muller”.

O tema proposto para este ano é “Biografías de muller” no que se pretende unha reflexión sobre as circunstancias vitais de mulleres do entorno dos participantes: avoas, nais, mestras, familiares, amigas, ..., como exercicio literario, formativo en valores e de coñecemento das diversas realidades femininas. A criterio do xurado decidiuse non incluír como protagonistas a mulleres de recoñecido prestixio para evitar converter o concurso nun mero exercicio de documentación.

3. **Idioma:** Galego

4. **Participantes:** nenos e nenas de Educación Primaria e Educación Secundaria Obligatoria.

5. **Categorías:** establécense 5 categorías:

A- Nenos e nenas de 1º e 2º de Educación Primaria.

B- Nenos e nenas de 3º e 4º de Educación Primaria.

C- Nenos e nenas de 5º e 6º de Educación Primaria.

D- Nenos e nenas de 1º e 2º de E.S.O.

E- Nenos e nenas de 3º e 4º de E.S.O.

6. **Premios:** Establécense 5 premios, 1 premio por cada categoría. A entrega dos premios realizarase o día 17 de maio “Día das Letras Galegas” a partir das 12:30 h. na sede do Museo.

7. **Formato e modo de presentación:** Os traballos presentados ao concurso terán unha presentación e extensión libres, manuscritos ou a ordenador. Serán presentados ben na sede do Museo Liste, na Rúa Pastora, nº 22, enviados por





correo ordinario a dita dirección, ou a través do enderezo de correo electrónico: [didactica@museoliste.org](mailto:didactica@museoliste.org) dende o cal se enviará confirmación de recepción.

Nos traballos deberán constar os datos dos participantes (nome, idade, curso) e o contacto (telefono de pai, nai ou titor ou do centro educativo en caso de ser iniciativa deste).

8. **Prazo de presentación dos traballos:** ata o 25 de abril de 2017.
9. **Outros:** en todo aquilo non previsto nestas bases, a Fundación Liste - Museo Etnográfico de Vigo resolverá o que proceda.
10. **Información:** a través dos teléfonos 986244698 ou 986236767 e a través do enderezo [didactica@museoliste.org](mailto:didactica@museoliste.org).